

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 29 DE XUÑO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e nove de xuño de dous mil once, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACION ACTA SESIÓN CONSTITUTIVA DE DATA 11/06/2011

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión constitutiva da corporación municipal de data 11/06/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión constitutiva da corporación municipal de data 11/06/2011.

2.- PROPOSTA ALCALDÍA PERIODICIDADE SESIONS PLENARIAS ORDINARIAS

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

“2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓN PLENARIAS ORDINARIAS

Os efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do R.O.F. , e disposicións concordantes tendo en conta o disposto nos artigos 46.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local, 78.1 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais propoño o Pleno do Concello de Boimorto a aprobación do seguinte **ACORDO** :

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Boimorto celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cós meses pares o último xoves de cada mes ás 20:00, horas salvo o mes de agosto no que se pasa a sesión plenaria para o mes de setembro e , polo tanto celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses; febreiro, abril, xuño, setembro, outubro e decembro .En caso de coincidir que o último xoves de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias do Pleno na Xunta de goberno local ou Alcaldía non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2011.

Boimorto , a 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE : Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez >>>

Signala o Alcalde que considera que unha sesión plenaria cada dous meses e suficiente sen prexuízo de celebrar sesións extraordinarias de ser necesario.

Sen mais intervencións sometida a proposta a votación pola Alcaldía por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Boimorto celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cos meses pares o último xoves de cada mes ás 20:00 horas salvo o mes de agosto no que se pasa a sesión plenaria para o mes de setembro e, polo tanto celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses; febreiro, abril, xuño, setembro, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último xoves de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias do Pleno na Xunta de goberno local ou Alcaldía non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2011.

3.- PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei7/1985, de 2 de abril, artigo 35.2 do R.O.F. e a Xunta de goberno local se integra polo Alcalde Presidente e un número de Concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, sendo tres polo tanto o número de membros que a poden integrar, que equivalen ó tercio estricto do número legal de membros da Corporación, que é 11.

A Xunta de goberno local será órgano necesario nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando así o regule o Regulamento orgánico ou sexa acordado polo Pleno do Concello , corresponde ó Sr. Alcalde o nomeamento de Concelleiros como membros da Xunta de goberno local e conferir delegacións en favor desta.

Vistos os 52-53 do R.O.F., pola presente propono o Pleno para a súa aprobación se procede o seguinte **ACORDO:**

PRI MEIRO.- Crear a Xunta de goberno local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 3 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros:

Dª. Ana Ledo Fernández

D. José Angel Rey Seoane

Dª Isabel Sesar Otero

SEGUNDO.- A Xunta de goberno local terá as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente e asesoramento ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía e / ou o Pleno municipal , de forma expresa delegue na mesma.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para todos aqueles actos que sexan precisos para a execución do presente acordo.

CUARTO.- En aplicación do artigo 112.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a Xunta de goberno local celebrara sesión ordinaria nos días e horas determinados en decreto desta Alcaldía .

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2011.

Boimorto, 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE:

Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez

Sinala o Alcalde que engádesse a esta proposta a periodicidade das sesións da Xunta de goberno local cada mes por non ter que facer sesión cada quince días como sinala a normativa xa que é excesivo para este Concello, proponendo sesión cada mes o último xoves hábil as 13:00 horas de ser inhábil o día seguinte hábil.

Sen máis intervencións, sometida a proposta a votación pola Alcaldía por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRI MEIRO.- Crear a Xunta de goberno local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 3 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación nomeando como membros da Xunta de goberno local ós seguintes Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernández

D. José Ángel Rey Seoane

D^a Isabel Sesar Otero

SEGUNDO.- A Xunta de goberno local terá as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente e asesoramento ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía e / ou o Pleno municipal, de forma expresa delegue na mesma.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para todos aqueles actos que sexan precisos para a execución do presente acordo.

CUARTO.- En aplicación do artigo 112.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a Xunta de goberno local celebrará sesión ordinaria nos días e horas determinados en decreto desta Alcaldía.

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local na Xunta de goberno local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais

Intervén trala votación do acordo o voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro, para sinalar que non está dacordo coa formación e existencia da Xunta de goberno local pensando noutra proposta.

Resposta o Alcalde que proponse a creación como preve a Lei e él nomea aos membros.

Pregunta o concelleiro D. Xosé Luis Rivas dirixíndose a esta Secretaría se é certo que a composición e competencia da Alcaldía, resposta a Secretaria que sí.

4.- PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICION COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS

Considerando que é inherente o sistema democrático que o goberno dos Concellos sexa ostentado pola maioría natural pero conxugando este principio se fose posible coa participación de todas as forzas políticas en todos os órganos colexiados.

Sendo un principio do bo goberno que aquel que ten a responsabilidade de gobernar debe de estruturar á administración e polo tanto os órganos decisorios e consultivos da forma máis idónea para a defensa dos intereses xerais intentando que exista unha maior participación dos representantes políticos nas tarefas de goberno coa finalidade de lograr unha eficacia na súa actuación con economía de medios persoais e materiais.

Polo tanto e a efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do ROF en relación co disposto nos artigos 123 a 127 da mesma norma e disposicións concordantes popoño o Pleno para a súa aprobación se procede o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión informativas de carácter Permanente Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente para que actúe como Comisión de Facenda e especial de Contas correspondendolle:

O exame estudo e informe das contas anuais así como competencias en asuntos que deban someterse o Pleno e versen sobre as seguintes materias: orzamentos, ingresos e gastos, aprobación de operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas cando os eu importe non exceda do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos, outras materias que estén relacionadas coas anteriores

En aplicación do artigo 125B) do ROF e estará integrada por cinco membros dous do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous do grupo municipal do PP e un do grupo mixto debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido o Alcalde e do que se dará conta o Pleno poidéndose designar un suplente por cada titular.

SEGUNDO.- A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde.

TERCEIRO.- Facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

Boimorto, a 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE:

Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez>>

Sen mais intervencións sometida a proposta a votación pola Alcaldía por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión informativas de carácter Permanente Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente para que actúe como Comisión de Facenda e especial de Contas correspondéndolle:

O exame, estudo e informe das contas anuais así como competencias en asuntos que deban someterse ao Pleno e versen sobre as seguintes materias: orzamentos, ingresos e gastos, aprobación de operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas cando o seu importe non exceda do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos, outras materias que estén relacionadas coas anteriores

En aplicación do artigo 125B) do ROF e estará integrada por cinco membros dous do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous do grupo municipal do PP e un do grupo mixto debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do

grupo municipal dirixido ao Alcalde e do que se dará conta o Pleno podéndose designar un suplente por cada titular.

SEGUNDO.- A Presidencia das Comisións informativas corresponderá o Sr. Alcalde.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

5.- PROPOSTA ALCALDÍA NOMEAMENTO REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

En aplicación do disposto no artigo 38c) do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Designar a D^a Isabel Sesar Otero como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto en órganos colexiados da Fundación Comarcal e do Consorcio Galego de Servizos Sociais e da Igualdade.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo .

Boimorto, a 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE: Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez>>>

O Alcalde dalle a palabra o voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro que propón un cambio na proposta en relación co punto primeiro e que se designe a D. Xosé Luis Rivas concelleiro do grupo mixto como representante no colexio o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas di que non ten oposición a dito nomeamento.

A Alcaldía somete a votación o primeiro punto da proposta

PRIMEIRO.- Designar a D^a Isabel Sesar Otero como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

Votaron a favor 5 concelleiros do PSdG, en contra os 5 concelleiros do PP e abstuvose o concelleiro D. Xosé Luis Rivas Cruz

A continuación a Alcaldía somete a votación **PRIMEIRO.-** Designar a D. Xosé Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar, e o Pleno por maioría absoluta con 6 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un voto a favor do concelleiro do grupo mixto e có voto en contra dos 5 concelleiros do PsdG-PSOE **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Designar a D. José Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

A continuación o Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG PSOE; 5 dos **concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto ACORDOU:**

SEGUNDO.- Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto en órganos colexiados da Fundación Comarcal e do Consorcio Galego de Servizos Sociais e da Igualdade.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucíons e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

6.- PROPOSTA ALCALDÍA NOMEAMENTO TESOREIRO MUNICIPAL

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TESORERO MUNICIPAL

De conformidade có disposto na normativa de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, e có artigo 92.4 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e artigo 164.2 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación para a súa aprobación se procede do seguinte

ACORDO ;

PRIMEIRO.- Que o cargo de Tesorero do Concello de Boimorto sexa desempeñado polo concelleiro D. Alvaro Fontecoba Vázquez, que en caso de aceptalo deberá desempeñalo en tanto non se acorde outra cousa pola Corporación.

SEGUNDO.- En aplicación do disposto na Orde de 16 de xullo de 1963 sobre depositarias non desempeñadas por funcionarios; relevalo da obriga de constitución de fianza acordando a a asunción solidaria e unánime por todos os membros da Corporación das responsabilidades derivadas da xestión da Tesourería municipal.

Boimorto, a 24 de xuño de 2011.
O ALCALDE;

Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez>>>

O voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro maniféstase en contra desta proposta considerando que debería de darse o cargo de tesourería a un funcionario municipal.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas pregunta se a tesourería a desempeñar por concelleiro vai ser un cargo remunerado, resposta o Alcalde que non.

Sen máis intervencións sometida a proposta a votación pola Alcaldía por maioría absoluta con 6 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e 1 do concelleiro do grupo mixto e con 5 votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que o cargo de Tesorero do Concello de Boimorto sexa desempeñado polo concelleiro D. Álvaro Fontecoba Vázquez, que en caso de aceptalo deberá desempeñalo en tanto non se acorde outra cousa pola Corporación.

SEGUNDO.- En aplicación do disposto na Orde de 16 de xullo de 1963 sobre depositarias non desempeñadas por funcionarios; relevalo da obriga de constitución de fianza acordando a asunción solidaria e unánime por todos os membros da Corporación das responsabilidades derivadas da xestión da Tesourería municipal.

7.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RETRIBUCIÓNS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, propono o Pleno do Concello de Boimorto para a súa aprobación se procede do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Establecer unha dedicación exclusiva do cargo da Alcaldía Presidencia

A.- Cargos con dedicación exclusiva:

-Alcalde-Presidente: retribución bruta anual de 39.200€, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas) pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias) Total : 39.200€ brutos anuais .

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta do Sr. Alcalde- Presidente , dandolle efectos retroactivos á alta con data do 11/06/2011 do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.

- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2011 que se opoñan a este acordo.

Boimorto, a 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE:

Asdo.- D.José Ignacio Portos Vázquez>>

Explica o Alcalde que mantense o salario que tiña na Corporación anterior nestes últimos anos, que deuse de baixa na seguridade social con efectos 11/06/2011 e agora se piden efectos retroactivos para a alta con data 11/06/2011, explica que baixan as asistencias a sesións para os demais concelleiros de 90 € a 60 €.

Pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas á Secretaria canto e en líquido, resposta a Secretaria que depende da regularización mensual de IRPF pero que non chega ós 2.100 € .

O concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro Coello pregunta dirixíndose á Secretaria canto e a contía por pernocta, resposta a Secretaria que depende onde se pernocte mais de todos modos ofrécese a darlle unha copia do RD citado o que o concelleiro agradece.

Di o Alcalde que él nunca pasa dietas salvo viaxes a Madrid.

Sen máis intervencións sometida a proposta a votación pola Alcaldía por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Establecer unha adicación exclusiva do cargo da Alcaldía Presidencia

A.- Cargos con adicación exclusiva:

- Alcalde-Presidente: retribución bruta anual de 39.200 €, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas) pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias) Total: 39.200 € brutos anuais.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta do Sr. Alcalde- Presidente, dándolle efectos retroactivos á alta con data do 11/06/2011 do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con adicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60 €) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.
- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe empregada.

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2011 que se opoñan a este acordo.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELACIONADAS CO ARTIGO 38.D) DO RD 2568/1986 DE 28 DE NOVEMBRO

Pola Secretaría dase conta dos seguintes decretos dictados pola Alcaldía Presidencia:

<<**Decreto:** 184 / 2011 **Data decreto:** 17/06/2011 **Descrición decreto:** Nomeamento Tenentes de Alcalde.

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o disposto no artigo 46 do Regulamento de organización e funcionamento e rexime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 tendo previsto esta Alcaldía propondor o Pleno municipal a creación da Xunta de goberno local da que formarían parte os/as neste decreto nomeados/as Tenentes de Alcalde polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde pola orde expresada ós seguintes Concelleiros que seran propostos tamén por esta Alcaldía como membros da Xunta de goberno local cuxa creación será proposta ó Pleno:

- 1º D^a. Ana Ledo Fernández
- 2º D. José Angel Rey Seoane
- 3º D^a Isabel Sesar Otero

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- A presente resolución notificárase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Boimorto dezasete de xuño de dous mil once

O alcalde
Asdo.- D. José Ignacio Portos Vázquez

Perante min:
A secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Decreto: 201 / 2011

Data decreto: 27/06/2011

Descrición decreto: Delegación de competencia do Alcalde na Xunta de goberno local e fixación dos días e horas de celebración das súas sesións ordinarias.

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que proponse por esta Alcaldía en proposta de data 24/06/2011 ó Pleno municipal que acorde a creación de Xunta de goberno local e deixar sen efectos todas as delegacións de competencias na Xunta de goberno local derivadas de acordos da Corporación anterior .

Visto o artigo 112 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro que sinala que e competencia desta Alcaldía fixar por decreto día e hora de celebración de sesión ordinaria da Xunta de goberno local .

Vistos os artigos 114 a 118 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro polo presente e tendo en conta o disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e as bases de execución do orzamento municipal para o ano 2011 polo presente **RESOLVO:**

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a delegación de competencias feita por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de goberno local en decreto 28/2008 e recollida nas bases de execución do orzamento municipal do 2011 e delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

A) A concesión de toda clase de licencias e autorizacións .

B) As contratacións de obras , suministros, servizos e xestión de servizos públicos así como contratos administrativos especiais e contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin en calquera caso a contía de seis millóns de euros incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado referido os recursos ordinarios do orzamento no primeiro exercicio nin a contía sinalada. Así como a adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3 millóns de euros así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe e contía indicados .

C) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento municipal.

D) Dispoñer gastos , dentro dos límites que competan ó alcalde e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, así como aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do orzamento municipal e que fosen recibidas polo Servizo de Intervención Tesorería, salvo os gastos referidos á nóminas do persoal do Concello que manteranse como de competencia da Alcaldía.

E) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento xeral competencia da Alcaldía, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

F) Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos, e aprobación das liquidacións de ingresos salvo padróns municipais no desenvolvemento da xestión económica do orzamento en vigor aprobado que seran aprobados por Decreto da Alcaldía.

G) A aprobación das certificacións de obras, dos que sexa competencia súa a contratación.

H) Informar os expedientes relativos a actividades clasificadas, así como informar en expedientes relacionados coa concesión de licencias urbanísticas.

SEGUNDO.- Fixar os últimos xoves hábiles de cada mes (de coincidir inhábil celebrárase a sesión ordinaria o seguinte día hábil) para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de goberno local ás 13:00 horas .

TERCEIRO .-Da presente resolución, darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ó da data, conforme se indica no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deixando sen efecto calquera resolución ou acordo municipal contrario o disposto neste decreto.

Boimorto vinte e sete de xuño de dous mil once

O alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. José Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Polo concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas pregúntase á Secretaria sobre a competencia do Alcalde para facer esta delegación.

Explica a Secretaria que a delegación das competencias que na anterior Corporación tiña o Pleno delegaba na Xunta de goberno local quedou sen efecto, que con este decreto delega o Alcalde as súas competencias outorgadas pola lei de bases do réxime local na Xunta de goberno local.

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas expón que non é democrático menos nun goberno minoritario neste país o número e características das competencias que pertencen o Alcalde sinala a falta de democratización da Administración Local por excesivas competencias do Alcalde.

O Alcalde resposta que él está delegando na Xunta de goberno local non decidindo todo él e dando conta ao Pleno de dita delegación, seguindo o previsto lexislativamente.

Os voceiros do grupo popular D. Gonzalo Concheiro e do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas maniféstanse en contra desto xa que queda todo no Alcalde porque a Xunta de goberno é del.

O concelleiro do grupo municipal D. Gonzalo Concheiro di que comparte a postura de D. Xosé Luis Rivas o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas propón que dende o/s concellos se propoña cambio lexislativo para democratizar a Administración Local e di que tal e como están as cousas o Alcalde podería variar unha cualificación urbanística dunha parcela, intervén o Alcalde para sinalar que non e así que sería unha competencia plenaria nos mesmos termos maniféstase a Secretaria sinalando que as competencias do Pleno están no artigo 22 da lei de bases e demais normativa.

Reprocha o voceiro do grupo mixto os límites tan altos para contratación competencia do Alcalde e a posibilidade de fraccionamento dos contratos o Alcalde sinala que non se fan

fraccionamentos contra lei, resposta o concelleiro do grupo mixto que xa se fixeron algúns, que as competencias do Alcalde por lei son excesivas, dille o Alcalde que este e un debate de arriba da CCAA ou do Estado, o concelleiro D. Xosé Luis Rivas insiste que tras case trinta anos de democracia xa está ben que o Pleno ten a obriga de elevar a donde poda a solicitude de limitación de competencias do Alcalde.

9.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS ARTIGO 25 DO RD 2568/1986 DE 28 DE NOVEMBRO

A continuación dase conta dos comunicados dos distintos partidos que obtiveron representación nas pasadas eleccións municipais do 22 de maio, quedando constituídos os seguintes grupos municipais:-----

-

Escrito presentado con data 17 de xuño de 2011, rexistro de entrada número 860, do Grupo municipal “Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE”, integrado polos concelleiros seguintes:-----

D. José Ignacio Portos Vázquez
D^a. Ana Ledo Fernández
D. José Ángel Rey Seoane
D^a. Isabel Sesar Otero
D. Álvaro Fontecoba Vázquez

Sendo voceiro do grupo, D^a. Ana Ledo Fernández e como voceiros suplentes D^a. Isabel Sesar Otero, D. José Ángel Rey Seoane e D. Álvaro Fontecoba Vázquez.

Escrito presentado con data 17 de xuño de 2011, rexistro de entrada número 850, do Grupo municipal do PP, integrado polos concelleiros seguintes:-----

D. Gonzalo Concheiro Coello
D^a. María Jesús Novo Gómez
D. Elisardo Montero Castro
D. Antonio Costoya Duro
D. Jesús Modia Serén

Sendo voceiro do grupo, D. Gonzalo Concheiro Coello e como voceiros suplentes D^a. María Jesús Novo Gómez, D. Elisardo Montero Castro, D. Antonio Costoya Duro e D. Jesús Modia Serén.

Escrito presentado con data 14 de xuño de 2011, rexistro de entrada número 833 do Grupo municipal do BNG, integrado polo único concelleiro D. José Luis Rivas Cruz que actuará de portavoz.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 20:35 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez